

Concello da Laracha

9^A CARREIRA PEDESTRE

Costa da Morte - El Correo Gallego



Organizado por



Concello
da Laracha

10 de mayo de 2015

LUGAR: Concello da Laracha

SAÍDA: Explanada do Instituto

CHEGADA: Explanada do Instituto

HORARIOS:

- Infantís, cadetes e xuvenís: 10.00 h
- Alevíns e benxamins: 11.00 h
- Pitufos: 11.30 h
- Adultos: 12.00 h

INFORMACIÓN:

TELÉFONO: 981 605 001

<http://carrera.elcorreogallego.es>

Percurso ADULTOS



12.00 h


Homes e mulleres nados en 1997 ou antes

Percurso ESCOLAR



10.00 h

Xuvenís, cadetes e infantís. Nen@s nados entre 1998 e 2003



Percurso ALEVÍN/BENXAMÍN



11.00 h

Nen@s nados entre 2004 e 2007

Percurso PITUFOS



11.30 h

Nen@s nados entre 2008 e 2011

REGULAMENTO XERAL

9ª CARREIRA PEDESTRE POPULAR COSTA DA MORTE EL CORREO GALLEGO - CONCELLO DA LARACHA

1. A 9.ª Carreira Pedestre Popular Costa da Morte, organizada polo **Grupo Correo Gallego** e o Concello da LARACHA, celebrarase o domingo día 10 de maio de 2015 na localidade da LARACHA.
2. Realizaranse catro carreiras de acordo cos seguintes horarios e categorías:
 - **10.00 horas** - Categorías xuvenil, cadete e infantís
 - **11.00 horas** - Categorías alevín e benxamín
 - **11.30 horas** - Categoría pitufos
 - **12.00 horas** - Categorías júnior, promesa, sénior e veteranos
3. CATEGORÍAS E QUILOMETROS PERCORRIDO:
 - **PITUFOS:** Nen@s que naceron entre o ano 2008 ao 2011 (600 m)
 - **BENXAMÍN:** Nen@s que naceron nos anos 2006 e 2007 (950 m)
 - **ALEVÍN:** Nen@s nados en 2004 e 2005 (950 m)
 - **INFANTIL:** Nen@s nados nos anos 2002 e 2003 (5.000 m)
 - **CADETE:** Escolares nados nos anos 2000 e 2001 (5.000 m)
 - **XUVENIL:** Escolares nados nos anos 1998 e 1999 (5.000 m)
 - **ADULTOS:** Homes e mulleres nados en 1997 ou antes (9.500 m)
4. INSCRICIÓNs: dende o 10 de abril ata o luns día 4 de maio, ambos incluídos, a través de <http://carrera.elcorreogallego.es>.

Tamén se poderán formalizar de forma presencial, nos mesmos prazos, no Concello da Laracha no departamento de deportes en días laborais de 10.00 ata 14.00 horas, ou na delegación de Cee do **Grupo Correo Gallego**, sita na Avda. Fernando Blanco, 47ª-1º A, de luns a venres en horario de 10.00 ata 14.00 horas e de 16.00 a 19.30 horas. Ver datos necesarios en regulamento específico de cada categoría.
5. TODOS os corredores, excepto os pitufos, levarán un chip (que deberán atar nas súas zapatillas) que é de obrigada devolución.
6. TODOS os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.
7. A organización contará coa axuda dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ó longo de todo o percorrido.
8. Está rigorosamente prohibido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a inmediata descalificación dos atletas acompañados.
9. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixa a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba. Ademais, se os xuíces así o estiman, poden ser retirados do circuíto.
10. Todo corredor/a que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos da RFEA e FGA referentes a probas en ruta será descalificado a criterio do xuíz árbitro da competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS Ó XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** cun prazo máximo de 20 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.
11. Coa realización da inscrición todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que tratará ditas imaxes con arreglo á lei de protección de datos.
12. Todos os participantes, polo feito de tomar a saída na carreira, aceptan o presen-

te regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA e RFEA para probas autonómicas de ruta.

REGULAMENTO CARREIRA ADULTOS

1. Na 9.^a CARREIRA PEDESTRE POPULAR COSTA DA MORTE - EL CORREO GALLEGO, poderán participar tanto atletas federados como non federados nados a partir de 1997, é dicir, os que cumpran neste ano 18 anos ou máis. Os corredores federados deberán cumprir co disposto no artigo 3.4 do regulamento de competicións de campo a través, marcha, carreiras en estrada e reunións de pista cuberta e aire libre para competicións autonómicas que regula a participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas. Se desexa máis información consulte a normativa na páxina dixital http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento_competiciones.pdf
2. PERCORRIDO: 9.500 metros (estará sinalizado en cada km): saída, ás 12.00 horas, da Explanada do Instituto, rúa Manuel Murguía, rúa Plácido Pedreira, rúa Argentina. Dúas voltas á rúa Santa Lucía, rúa Eusebio Bertoa Queijo, 3ª Travesía Eusebio Bertoa Queijo, rúa José Anón, Ctra. As Calzadas, Pereiro, A Balsa, A Areosa, Igresario da Areosa, A Botica. Rúa Argentina, rúa Plácido Pedreira, rúa Manuel Murguía. Meta na Explanada do Instituto.
3. A clasificación será absoluta e por categorías.
4. Os corredores estarán controlados ó longo de TODO o percorrido a través dun chip que se lle entregará a cada corredor, xunto co dorsal, o mesmo día da proba, e que deberán colocar nas súas zapatillas antes da saída. É obrigatorio entrar na liña de meta co dorsal colocado de forma visible na parte dianteira, sen cortes nin dobreces e co chip. Serán descalificados aqueles que cheguen sen algún destes elementos. OS CHIPS SON DE OBRIGADA DEVOLUCIÓN, OS QUE ASÍ NON O FIXERAN NON ENTRARÁN NAS CLASIFICACIÓNS, NIN RECIBIRÁN NINGÚN TIPO DE AGASALLO.
5. O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE UNHA HORA E 20 MINUTOS DESPOIS DE DAR A SAÍDA.
6. As inscricións poderanse formalizar a partir do venres día 10 de abril, ata o luns día 4 de maio, vía on-line a través de <http://carrera.elcorreogallego.es>, seguindo as instrucións que figuren nesa páxina. Tamén se poderán formalizar, dentro destes prazos, pero de luns a venres, na Delegación do Grupo Correo Gallego sita na Avda. Fernando Blanco, 47A-1ª de Cee de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.30 horas, e no Concello da LARACHA (Departamento de Deportes, en horario de 10.00 horas ata as 14.00 h de luns a venres). Teléfono de información: 981.605.001. NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FÓRA DESTES PRAZOS.
7. Nas inscricións deberá constar OBRIGATORIAMENTE: nome, apelidos, xénero (F=feminino e M=masculino), nº DNI con letra ou pasaporte, Nº de licenza federativa (só corredores federados), data de nacemento completa (día, mes e ano), concello de nacemento e teléfono. O SISTEMA REXEITARÁ AS INSCRICIÓNS ÁS QUE LLES FALTE ALGÚN DESTES DATOS. Os nados no Concello da LARACHA deberán marcar cun X a cuadrícula correspondente. Os atletas que non marquen estas opcións non entran nesta clasificación.
8. Os dorsais e chips recolleranse na zona de saída o mesmo día da proba dende as 8.30 h ata media hora antes de cada saída.
9. NON SE ACEPTARÁN INSCRICIÓN POR TELÉFONO, NIN FÓRA DOS PRAZOS INDICADOS.
10. Establécense as seguintes categorías segundo o ano de nacemento:

CATEGORÍA FEMININA:

- JÚNIOR-PROMESA: Mulleres nadas entre 1990 e 1997
- SÉNIOR: Mulleres nadas entre 1975 e 1989
- VETERANAS: Mulleres nadas entre 1974 ou antes

CATEGORÍA MASCULINA:

- JÚNIOR-PROMESA: Homes nados entre 1993 e 1997
- SÉNIOR: Homes nados entre 1981 e 1992
- VETERANOS A: Homes nados entre 1975 e 1980
- VETERANOS B: Homes nados entre 1955 e 1974
- VETERANOS C: Homes nados en 1954 ou antes.

11. Repartiranse os seguintes premios:

CATEGORÍA FEMININA.

- 1.^a Clasificada: trofeo e 550 euros
- 2.^a Clasificada: trofeo e 400 euros
- 3.^a Clasificada: trofeo e 300 euros

Trofeo á 1.^a clasificada das TRES categorías establecidas, exceptuando as tres primeiras.

CATEGORÍA MASCULINA.

- 1.^o Clasificado: trofeo e 550 euros
- 2.^o Clasificado: trofeo e 400 euros
- 3.^o Clasificado: trofeo e 300 euros

Trofeo ó 1.^o clasificado das CINCO categorías establecidas, exceptuando os tres primeiros.

Trofeo e 150 euros ó primeiro clasificado de categoría masculina e feminina entre os nados en calquera dos dezaseis concellos da Costa da Morte (excepto o concello organizador).

Trofeo e 150 euros ó primeiro e primeira clasificados entre os participantes nados no Concello da LARACHA.

NOTAS: en ningún caso un mesmo atleta poderá recibir dous premios en metálico á vez, percibindo unicamente o de maior contía.

- 12. Os premios en metálico seranlles aboados ós atletas o mesmo día da proba, previa presentación da súa documentación (DNI ou pasaporte).
- 13. TODOS os corredores que entren en meta co control aberto, e entreguen o chip, recibirán unha camiseta.
- 14. Os corredores poderán dispor de duchas e vestiario sito no pavillón do Instituto. Non haberá servizo de gardarroupa.
- 15. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.
- 16. A organización porá a disposición dos participantes da carreira de 10 km un servizo de fisioterapia en colaboración co Colexio Oficial de Galicia de Fisioterapeutas, que se situará no pavillón do Instituto.

REGULAMENTO CATEGORÍAS INFANTIL, CADETE E XUVENIL

- 1. A 9.^a Carreira Pedestre Popular Costa da Morte-El Correo Gallego escolar celebrarase o domingo día 10 de maio de 2015 na localidade da LARACHA ás 10.00 horas.
- 2. Esta carreira está reservada para todos os corredores nados entre 1998 e 2003.
- 3. O percorrido será de 5.000 metros, aproximadamente. Saída, ás 10.00 horas, da

Explanada do Instituto, rúa Manuel Murguía, rúa Plácido Pedreira, rúa Argentina, rúa Santa Lucía, rúa Eusebio Bertoa Queijo, 3ª Travesía Eusebio Bertoa Queijo, rúa José Añón, Ctra. As Calzadas, Igresario da Areousa, Botica, rúa Argentina, Rúa Plácido Pedreira, rúa Manuel Murguía. Meta na Explanada do Instituto.

4. Os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.
5. Os premios estableceranse por participación individual e por equipos (colexios, institutos ou clubes)
6. Por participación individual, establécense seis categorías (tres femininas e tres masculinas) distribuídas da seguinte forma:
 - 1) **INFANTIL FEMININA:** nadas en 2002 e 2003
 - 2) **INFANTIL MASCULINA:** nados en 2002 e 2003
 - 3) **CADETE FEMININA:** nadas en 2000 e 2001
 - 4) **CADETE MASCULINA:** nados en 2000 e 2001
 - 5) **XUVENIL FEMININA:** nadas en 1998 e 1999
 - 6) **XUVENIL MASCULINA:** nados en 1998 e 1999
7. Recibirán un trofeo e un agasallo os primeir@s de cada categoría.
8. Recibirán trofeo os segund@s e terceir@s clasificad@s de cada categoría.
9. O equipo con maior número de corredores en liña de meta, que estean inscritos oficialmente a través do colexio ou clube, sexan da categoría que sexan e sen importar a orde de chegada, recibirá un trofeo e 150 euros. Non puntuarán os rapaces inscritos de forma individual.
10. Esta carreira estará controlada en TODO o percorrido por chip, que se entregará xunto cos dorsais (ver a súa colocación no apartado 4 do regulamento xeral) o mesmo día da proba dende as 8.30 horas ata media hora antes da saída. **RECÓRDASE QUE OS CHIPS SON DE OBRIGADA DEVOLUCIÓN, NON ENTRARÁN NAS CLASIFICACIÓNS NINGÚN ESCOLAR QUE NON O FIXERA, NIN TAMPOUCO RECIBIRÁ MEDALLA NIN AGASALLO.**
11. O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE 45 MINUTOS DESPOIS DE QUE ENTRE EN META O PRIMEIRO CORREDOR CLASIFICADO.
12. INSCRICIÓNS: En TODAS as inscricións (individuais e por equipos) deberán figurar OBRIGATORIAMENTE os seguintes datos: nome, apelidos, xénero (F=feminino e M=masculino), nº DNI con letra (só os que o teñan), data de nacemento completa (día, mes e ano). Os equipos deberán poñer o nome do centro ou club, enderezo completo (rúa, CP, localidade), teléfono, email e nome do profesor ou titor responsable. Os que se inscriban de forma individual deberán formalizar unha autorización do pai/nai ou titor.
13. A inscrición poderase formalizar dende o venres 10 de abril ata o luns 4 de maio:
 - **INSCRICIÓNS POR EQUIPOS:** os responsables de cada equipo deberán enviar un e-mail a consulta@championchipnorte.com para solicitar o contrasinal, que será persoal para cada equipo. Unha vez que o teñan poderán inscribir a todos os participantes que desexen, a través de ONLINE en <http://carrera.elcorreogallego.es> seguindo as instrucións aquí indicadas. Datos obrigatorios para todos os equipos: nome de colexio ou clube, persoa de contacto, enderezo, localidade, código postal, provincia, teléfono fixo, teléfono móbil, e-mail e os datos persoais de cada corredor (punto 12).
 - **INSCRICIÓNS ESCOLARES INDIVIDUAIS** (non puntuarán na clasificación por equipos): deberán enviar os seus datos, xunto coa autorización paterna que poderán descargar na páxina web indicada.
 - **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FÓRA DESTE PRAZO.**
14. TODOS os escolares que entren en meta co control aberto e entreguen o chip correctamente, recibirán unha medalla e unha camiseta.

15. Será necesario documentar a idade para poder acceder ós premios.
16. A Carreira Pedestre na categoría escolar, salvo o especificado por este regulamento, rexerase polo xeral da 9ª CARREIRA PEDESTRE POPULAR COSTA DA MORTE-EL CORREO GALLEGO.

REGULAMENTO PARA ALEVÍNS E BENXAMÍNS

1. Esta carreira está reservada para os nenos e nenas nados entre 2004 e 2007.
2. A inscrición poderá formalizarse dende o venres día 10 de abril ata o luns, día 4 de maio, utilizando os mesmos formatos que os establecidos nas anteriores categorías.
3. O percorrido será de 950 metros, aproximadamente. **Saída, ás 11.00 horas**, da Explanada do Instituto, seguen pola rúa Manuel Murguía, **dan dúas voltas á rúa Lino Gómez Canedo, rúa Rosalía de Castro e rúa Gómez Canedo**, seguen pola rúa Manuel Murguía ata a meta sita na Explanada do Instituto.
4. Os dorsais e chips entregaranse dende as 8.30 horas ata media hora antes da saída. O CHIP É DE OBRIGADA DEVOLUCIÓN e deberán colocarse igual que o establecido no regulamento xeral.
5. Os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.
6. Establécense catro categorías, dúas femininas e dúas masculinas:
 - 1) BENXAMÍN FEMININA: nenas nadas en 2006 e 2007
 - 2) BENXAMÍN MASCULINA: nenos nados en 2006 e 2007
 - 3) ALEVÍN FEMININA: nenas nadas en 2004 e 2005
 - 4) ALEVÍN MASCULINA: nenos nados en 2004 e 2005
7. Recibirán un trofeo e un agasallo os primeir@s de cada categoría.
8. O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE QUINCE MINUTOS DESPOIS DE QUE ENTRE EN META O PRIMEIRO CORREDOR CLASIFICADO.
9. TODOS os escolares que entren en meta co control aberto recibirán unha medalla e unha camiseta.
10. Será necesario documentar a idade para poder acceder ós premios.
11. NOTA: os corredores das categorías benxamín e alevín NON entran na clasificación por colexios ou equipos.

REGULAMENTO CARREIRA DOS PITUFOS:

1. Ás 11.30 darase a saída para os rapaces e rapazas que naceron entre o ano 2008 e o 2011. Farán un percorrido de 600 m aproximadamente, con saída da Explanada do Instituto, rúa Manuel Murguía, rúa Lino Gómez Canedo, rúa Rosalía de Castro, rúa Lino Gómez Canedo, rúa Manuel Murguía, ata a meta sita na Explanada do Instituto.
2. Para inscribirse deberán enviar a autorización paterna debidamente cumprimentada que poden baixar da páxina web da carreira. Ou ben presencialmente nos mesmos puntos e prazos indicados para as outras categorías.
3. Todos estes corredores recibirán ó finalizar a carreira unha medalla e un agasallo. Non haberá clasificación oficial desta proba.

NOTA: TODOS os corredores oficialmente inscritos terán un seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

SabadellGallego



Patrocinan y colaboran:



**PIENSOS
GARCÍA
CRESPO**



CONSTRUCCIONES
PONCIANO NIETO, S.L.



OPTICALIA® ENRIQUEZ



Colaboran os concellos de:

